

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Área de Emprego e Empresa

Convocatoria de subvencións do Excmo. Concello da Coruña, en réxime de cocurrencia competitiva, a asociacións veciñais sen ánimo de lucro en materia de participación cidadá (exercicio 2015)

Convocatoria de subvencións do Excmo. Concello da Coruña, en réxime de cocurrencia competitiva, a asociacións veciñais sen ánimo de lucro en materia de participación cidadá (exercicio 2015)

Base 1.^a.-Ámbito da convocatoria, finalidade e normativa aplicable.

O Concello da Coruña, efectúa esta convocatoria pública de subvencións para a dinamización das asociacións veciñais con sede no termo municipal da Coruña, para o ano 2015.

A convocatoria dirixese ás federacións e asociacións veciñais inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións Coruñesas (REMAC), co obxecto de promover e apoiar a estas entidades como ferramentas activadoras e catalizadoras da participación cidadá.

Apróbase a presente convocatoria de subvencións dirixida ás devanditas entidades sen ánimo de lucro, redactada de conformidade coa Ordenanza Xeral de Subvencións da área de Benestar (publicada no Boletín Oficial da Provincia número 40 ou 19 de febreiro de 2005), coa Lei 38/2003 Reguladora de Subvencións, Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións e coa lexislación da Comunidade Autónoma de Galicia (Lei 9/2007) e conforme aos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade.

Base 2.^a.-Crédito orzamentario.

O importe global para esta convocatoria ascende a 30.000 euros, con cargo á aplicación 20.924/48900, outras transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro, descrito no anexo de transferencias aprobado co Orzamento Xeral do Concello para o exercicio 2015, como subvencións a asociacións veciñais sen ánimo de lucro en materia de participación cidadá.

De conformidade co disposto no art. 58 do Regulamento da Lei de Subvencións, no caso de que este crédito incrementese como consecuencia dunha modificación orzamentaria, esta contía adicional poderá aplicarse á concesión de subvencións sen necesidade dunha nova convocatoria.

En calquera caso a concesión da subvención quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria de referencia.

Base 3.^a.-Obxecto e modalidade de subvención.

É obxecto desta convocatoria outorgar subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o financiamento de programas, proxectos ou actividades de interese social ou cultural que realicen as federacións e asociacións veciñais da Coruña durante o ano 2015 (entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro), que impliquen participación cidadá e que teñan un carácter complementario respecto dos programas municipais.

As entidades solicitantes poderán presentar como máximo un proxecto, programa ou actividade.

Os proxectos presentados deberán ter relación con:

1. Proxectos, programas e/ou actividades culturais, formativas e educativas, valiosas para todos os cidadáns da Coruña, sen ser necesario ter a condición de socio para participar nelas (procesos participativos, obradoiros, cursos, conferencias, debates ou calquera outro formato que se considere oportuno) e que favorezan a participación activa da cidadanía na vida da cidade
2. Festas tradicionais e/ou populares de arraigamento cultural, cuxa celebración contribúa a manter tradicións e costumes propios; entendéndose por festa tradicional e/ou popular aquelas celebracións relacionadas con acontecementos ou festividades que reflicten a idiosincrasia dunha zona e celébranse segundo usos e costumes herdados. (Quedan excluídos os eventos festivos celebrados en urbanizacións, comunidades de veciños ou entidades que

se organicen para o goce privativo, así como as festas organizadas en establecementos de hostalaría ou recintos privados.)

Base 4.^a.–Gastos subvencionables.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada e realícense durante o exercicio 2015.

Non serán subvencionables determinados gastos tales como investimentos inventariables, alugueres de locais da entidade, dietas e desprazamentos, ou gastos correntes de funcionamento da asociación ou federación. Non serán tampouco subvencionables gastos en bebidas alcohólicas.

Poderase imputar á conta xustificativa gastos xerais da entidade até un 20% do orzamento inicial da actividade, ou do gasto executado se é menor, acreditando os mesmos cos correspondentes xustificantes de gasto e a acreditación do pago efectivo dos mesmos. No entanto, a entidade poderá optar por imputar como gastos xerais até un 10% do importe do gasto executado sen necesidade de presentar ningún xustificante. Neste caso non se poderán imputar na conta xustificativa ningún outro gasto de carácter xeral salvo que se acredite fehacientemente nos xustificantes de gastos que se trata dun gasto directo e necesario para o desenvolvemento da actividade.

En ningún caso poderá contratar o beneficiario ningún servizo necesario para a execución da actividade subvencionada con persoas ou entidades vinculadas coa entidade beneficiaria ou as persoas que compoñen a súa xunta directiva.

Os gastos que se realicen apartándose do proxecto ou fóra do seu prazo de execución non serán subvencionables.

Base 5.^a.–Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarias as federacións e asociacións de veciños, legalmente constituídas, sen ánimo de lucro, que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións Coruñesas (REMAC) e que presenten un proxecto, programa ou actividade que se axuste ao obxecto da subvención debidamente detallado e orzado.

As federacións deberán presentar proxectos, programas e/ou actividades que aglutinen os intereses de todas ou unha ampla maioría das asociacións veciñais.

Os proxectos, programas e actividades a desenvolver ao amparo desta convocatoria deben facilitar a difusión da entidade, o seu proxecto, valores e actividades, favorecendo a incorporación de novas persoas ás asociacións, fortalecendo as relacións entre entidades, entre as entidades e os veciños, contribuíndo á participación activa dos veciños, do tecido asociativo veciñal e, en definitiva, de toda a cidadanía.

Base 6.^a.–Requisitos das entidades.

Son requisitos esixibles ás entidades beneficiarias, ademais dos previstos con carácter xeral no art. 13 da Lei Xeral de Subvencións, os seguintes:

a) Que teñan sede social no termo municipal da Coruña e que estean inscritas no Rexistro municipal de Asociacións Coruñesas (REMAC).

b) Que, de acordo cos seus estatutos, teñan obxectivos e finalidades que sexan de interese veciñal.

c) Que haxan xustificado as subvencións anteriormente outorgadas polo Concello da Coruña, agás que aínda non transcorrese o correspondente prazo de xustificación.

d) Que se atopen ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e de Seguridade Social.

e) Os demais contemplados na Ordenanza Xeral de Subvencións da área de Benestar e na Lei Xeral de Subvencións.

Estes requisitos deberán cumprirse na data en que remate o prazo de presentación das solicitudes de subvención, debéndose manter todos eles ao longo do ano 2015.

Non se admitirán a trámite as solicitudes de subvención das entidades que non cumpran todos os requisitos na devandita data.

Base 7.^a.–Procedemento e contía das axudas.

A concesión das subvencións efectuarase en réxime de concorrencia competitiva.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que aisladamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas supere o custo da actividade subvencionada.

O orzamento máximo susceptible de ser subvencionado pode alcanzar até o 100% do importe total da actividade.

Base 8.^a.-Solicitude e documentación.

As solicitudes de subvención presentaranse no modelo normalizado que se acompaña como anexo S1 a esta convocatoria, cumprimentado en todos os seus apartados. Á solicitude deberase acompañar a seguinte documentación:

En relación coa entidade solicitante:

- 1) Fotocopia compulsada dos Estatutos polos que se rixe a asociación.
- 2) Fotocopia compulsada do código de identificación fiscal (CIF).
- 3) Certificación acreditativa dos cargos representativos e enderezo social (segundo modelo anexo S2).
- 4) Certificación do Secretario, co visto bó do Presidente, acreditativa do nomeamento da persoa representante da entidade (segundo modelo anexo S3).
- 5) Fotocopia compulsada do DNI da persoa representante.
- 6) Certificación dos datos bancarios da entidade solicitante, con correspondencia exacta cos datos achegados polo interesado no que respecta ao nome ou denominación social e n.º de conta bancaria (segundo modelo anexo S4).
- 7) Certificados acreditativos de que a entidade se atopa ao corrente no pago das súas obrigacións tributarias co Estado e co Concello da Coruña e ao corrente das súas obrigacións fronte á Seguridade Social, ou ben declaración responsable de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social (segundo modelo anexo S5).
- 8) Certificación do Secretario, co visto bó do Presidente, acreditativa do número de socios da entidade no ano en curso (segundo modelo anexo S6).
- 9) Declaración responsable de non estar incurso en ningún dos supostos de prohibición establecidos no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeneral de subvencións (segundo modelo anexo S7).
- 10) Documento acreditativo do compromiso da entidade de presentar a xustificación das subvencións concedidas no prazo dun mes desde a data de finalización das actividades (segundo anexo S8).
- 11) No caso de que os documentos esixidos xa estivesen en poder de calquera órgano do Concello da Coruña, o solicitante poderá acollerse ao establecido no parágrafo f) do art. 35 da lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia en que foron presentados ou, no seu caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan (anexo S9).

Os documentos deberán ser orixinais, copias autenticadas ou fotocopias debidamente compulsadas.

En relación coa actividade:

a) Memoria explicativa do proxecto, programa ou actividade a desenvolver, especificando obxectivos e fins, interese xeral da actividade, relevancia social, cultural e/ou educativa da proposta, datas, lugar de realización e beneficiarios directos e indirectos (anexo S10).

b) Orzamento detallado de ingresos e gastos da actividade, de maneira que se poida comprobar que todos os conceptos de gasto son subvencionables (anexo S11).

c) Certificado do Secretario da entidade co V.ºB.º do seu presidente, no que se indiquen as subvencións solicitadas e as que lle foron concedidas para a mesma actividade procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional (anexo S12).

En relación cos dous primeiros puntos deste apartado (especialmente no que se refire á memoria explicativa), as entidades solicitantes poderán completar a súa solicitude, achegando toda aquela documentación que estimen oportuna para a mellor valoración da súa solicitude.

Cando o importe da subvención proposto na resolución provisional sexa inferior ao que figura na solicitude presentada, de conformidade co artigo 27 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, poderase instar o beneficiario a reformulación da súa solicitude.

En calquera caso, a reformulación de solicitudes deberá respectar o obxecto, condicións e finalidade da subvención. A tales efectos, o beneficiario deberá reformular a solicitude identificando aquelas actuacións, das previstas na solicitude inicial, ás que desexa aplicar os fondos que se lle outorguen.

Base 9.^a.-Presentación e prazo.

A solicitude xunto coa documentación requirida presentárase no Rexistro Xeral do Concello, nos Rexistros auxiliares ou por calquera medio previsto no art. 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O prazo para presentar estas solicitudes será dun MES, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria específica no Boletín Oficial da Provincia.

Se se observase que a solicitude estivese incompleta ou defectuosa, requirirase ao solicitante para que no prazo máximo de 10 días enmiende a falta ou acompañe a documentación preceptiva, indicando no devandito requirimento que se así non se fixese entenderase como desistido da súa petición.

Base 10.^a.-Criterios de valoración.

A valoración das axudas se graduará tendo en conta os seguintes criterios:

CRITERIOS REFERIDOS AO PROXECTO	PUNTUACIÓN
Contido da proposta do programa, proxecto ou actividade (plantexamento e descrición).	Ata 10 puntos
Exposición e presentación da proposta na memoria explicativa de da mesma, valorándose toda a documentación aportada que amplie a información sobre os obxectivos, desenvolvemento, execución, recursos, cronograma, etc.	Ata 10 puntos
Número de beneficiarios directos do proxecto ou actividade.	Ata 6 puntos
Propostas colaborativas. Proxectos coordinados ou conxuntos con outras entidades, ben na súa totalidade ou nalgún aspecto puntual.	Ata 4 puntos
PUNTUACIÓN MÁXIMA	30 PUNTOS

CRITERIOS REFERIDOS Á ENTIDADE	PUNTUACIÓN
Número de socios da entidade.	Ata 3 puntos
Xustificación en tempo e forma de proxectos da mesma entidade subvencionados en convocatorias anteriores de Participación Cidadá.	Ata 2 puntos
PUNTUACIÓN MÁXIMA	5 PUNTOS

A distribución do crédito orzamentario asignado a estas subvencións realizarase proporcionalmente á puntuación obtida.

Base 11.^a.-Proposta e Resolución.

O prazo máximo de resolución e notificación da concesión das subvencións é de seis meses, contado a partir da data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Transcorrido devandito prazo sen que o órgano competente haxa ditado e notificado a resolución, os interesados poderán entender desestimadas as súas pretensións por silencio administrativo.

a) Da elaboración do Informe de Valoración Provisional

A solicitude, xunto coa documentación antes referida, se recepcionará na Concellería de Participación e Innovación Democrática, onde se analizará e se requirirá, no seu caso, a subsanación da mesma.

b) Da Comisión de Valoración e proposta provisional

As solicitudes, xunto coa documentación, remitirase á Comisión de Valoración para que, constituida no mesmo acto, reúna dentro dos cinco días hábiles seguintes ao da remisión, sendo a encargada de valorar as solicitudes presentadas.

Esta Comisión de Valoración estará composta por tres técnicos do Concello nomeados para esta finalidade:

- Un técnico/a de Participación Cidadá.
- Un técnico/a superior de Cultura.
- Un técnico/a superior de Servizos Sociais.

Do resultado da reunión ou reunións mantidas por esta Comisión de Valoración levantarase acta e elaborárase a proposta provisional de concesión de subvención a todas e cada unha das entidades adxudicatarias ou, no seu caso, de denegación ou exclusión das mesmas.

A proposta de resolución provisional será notificada ás entidades solicitantes mediante anuncio público no Taboleiro de Edictos do Concello e na páxina Web municipal, concedéndose un prazo de dez días para presentar as alegacións que consideren oportunas.

c) Resolución e notificación

O órgano competente para a resolución do procedemento de concesión é a Concelleira de Participación e Innovación Democrática.

Examinadas as alegacións aducidas no seu caso polos interesados, formularase pola Xefatura de Servizo de Emprego e Empresa, previo informe da comisión de valoración, proposta de resolución definitiva, que deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, especificando a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectuala.

A proposta de resolución definitiva notificarase individualmente aos beneficiarios na forma prevista na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, para que no prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que reciban a notificación, comuniquen a súa aceptación de maneira expresa, advertíndolles que, no caso de que non se presente a aceptación dentro do referido prazo entenderase que a entidade non acepta a subvención.

Transcorrido o prazo, o órgano competente resolverá o procedemento mediante resolución motivada na que quedarán acreditados os fundamentos da resolución que se adopte.

A resolución do procedemento notificarase aos interesados na forma legalmente prevista.

Base 12.^a.–Forma de pago.

Tendo en conta a natureza da subvención e os beneficios da mesma, poderanse realizar os pagos anticipados, de conformidade coa lexislación aplicable e coa Ordenanza de Subvencións do Concello (art. 40). Devanditos pagos suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Neste caso constituirase unha garantía do 10% do importe total da subvención, que se realizará mediante a retención do pago polo Concello. Unha vez efectuada a debida xustificación e non existindo responsabilidade por parte da entidade beneficiaria, procederase á devolución da cantidade retida en concepto de garantía.

En todo caso, os pagos anticipados deberán solicitarse expresamente polo interesado e no seu caso realizaranse previa resolución do órgano municipal competente para o otorgamento da subvención.

Base 13.^a.–Xustificación das subvencións.

Os beneficiarios da subvención están obrigados a justificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e a aplicación dos fondos recibidos.

Resolta a concesión, a xustificación de realización da actividade segundo as condicións acordadas para proceder ao abono da subvención concedida terá a forma de conta xustificativa.

O importe da subvención está vinculado ao orzamento total da actividade e en ningún caso poderá ser superior ao déficit da mesma. A entidade beneficiaria deberá xustificar que realizou a actividade nos termos da memoria presentada ou, no seu caso, da reformulación realizada.

Cando o importe xustificado sexa inferior ao orzamento inicial, ou no seu caso no reformulado, só se aceptarán desviacións de financiamento cando estés sexan inferiores ao 10% do importe consignado no orzamento inicial. En caso de superarse este importe, dará lugar en todo caso a unha redución proporcional da cantidade concedida, até o límite do 50% recolleito na base 17.6.

A documentación a achegar, a efectos de xustificación, é a seguinte:

1. Impreso de solicitude de xustificación (segundo anexo J1).
2. Memoria explicativa da realización da actividade ou proxecto (segundo anexo J2).
3. Balance de ingresos e gastos realizados con motivo da actividade subvencionada, de forma que se poida comprobar a concordancia co orzamento inicial presentado (segundo anexo J3).
4. Relación detallada xustificantes de gasto presentados de acordo co modelo municipal establecido ao efecto (segundo anexo J4).
5. No seu caso, cadro de desviacións do balance con respecto ao orzamento inicial e informe explicativo das desviacións (segundo anexo J5).
6. Certificación do Secretario co V.ºB.º do Presidente da entidade acerca das subvencións e demais ingresos xerados con motivo da actividade subvencionada, con independencia do seu reflexo no balance (segundo anexo J6).
7. Facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, polo conxunto da actividade ou proxecto subvencionado, aínda cando o importe da subvención municipal sexa inferior ao orzamento inicialmente presentado.
8. Acreditación do pago efectivo das facturas derivadas do obxecto da subvención. O pago deberá acreditarse preferentemente mediante transferencia bancaria, podendo admitirse mediante cheque ou pagos en efectivo sempre que a cantidade aboada sexa inferior a 1.000 euros. Neste último caso deberá figurar claramente na factura a dilixencia

de “Pagado”, a sinatura do acreedor e o DNI da persoa que acredita o pago. Se a factura corresponde a varios tickets de compra, deberán achegarse tamén os tickets como xustificantes de pago.

Os documentos esixidos haberán de ser orixinais, copias autenticadas ou fotocopias debidamente compulsadas.

O Concello poderá solicitar calquera material que considere conveniente para a efectiva confirmación da execución da actividade a xustificar (material fotográfico, material de difusión das actividades, datos estatísticos, dossieres de prensa, etc.)

Base 14.^a.–Lugar de presentación e prazo de xustificación.

A documentación acreditativa da xustificación da subvención deberá presentarse no Rexistro Xeral de Entrada do Concello con destino á Concellaría de Participación e Innovación Democrática, no prazo dun MES contado a partir da realización da actividade, e no caso de actividades finalizadas con anterioridade á recepción da notificación da resolución definitiva de concesión, o prazo dun mes contarase a partir do día seguinte ao da recepción desta notificación.

Base 15.^a.–Publicidade.

a) Da convocatoria:

Esta convocatoria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no taboeiro de anuncios do Concello e na páxina web www.coruna.es, unha vez aprobada polo órgano competente.

b) Das actividades subvencionadas:

As asociacións beneficiarias dos proxectos ou actividades subvencionadas deberán indicar na publicidade das actividades obxecto de subvención que dita actividade está financiada polo Concello da Coruña.

Base 16.^a.–Obrigas dos beneficiarios.

As entidades beneficiarias das subvencións estarán obrigadas a:

1. Aceptar a subvención e, no caso de que isto non sexa posible porque non se execute a actividade, proceder a renuncia expresa da mesma.
2. Realizar a actividade proposta dentro do exercicio 2015, axustándose aos termos da solicitude.
3. Asumir ao seu cargo a exclusiva responsabilidade da actividade obxecto de subvención.
4. Acreditar ante o Concello a realización da actividade e cumprir os requisitos e condicións que determinasen a concesión da axuda.
5. Solicitar os permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento da actividade.
6. Proporcionar ao departamento xestor do expediente a información funcional, económica e estatística que se lle requira a efectos de seguimento, avaliación e planificación, así como facilitar a realización de cantas visitas de recoñecemento considérense necesarias.
7. Facer constar explicitamente na publicidade e accións de difusión das actividades subvencionadas o financiamento do Concello da Coruña, incluíndo o logotipo do mesmo.
8. As demais impostas pola Ordenanza Municipal, pola Lei Xeral de Subvencións e polas normas reguladoras da materia.

Base 17.^a.–Incumprimento e reintegro.

O incumprimento das obrigas reguladas nesta Ordenanza ou na Lei Xeral de Subvencións, dará lugar á incautación da garantía no seu caso e/ou o reintegro ás arcas municipais do importe que proceda, e resultando de aplicación para a súa cobranza o disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado mediante Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos intereses de demora correspondentes desde o momento do pago da subvención e até a data en que se acorde a procedencia do reintegro, sen prexuízo da sanción a que, no seu caso, houbese lugar. O acordo de reintegro será notificado ao interesado con indicación da forma e prazo en que debe efectuarse.

En todo caso, durante a tramitación do procedemento de reintegro garantirase o dereito do interesado á audiencia.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do interese de demora correspondente desde o momento do pago da subvención até a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

1. A obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que a impidiran.
2. Obtención doutras axudas para a mesma actividade.

3. Incumplimento da obriga de adoptar as medidas de publicidade da actividade subvencionada.
4. Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da Lei Xeral de Subvencións.
5. Calquera outra causa que expresamente constitúa infracción administrativa en materia de subvencións por acción ou omisión conforme ao establecido na Lei Xeral de Subvencións e normativa de desenvolvemento.
6. En calquera caso, procederá o reintegro total da subvención concedida nos supostos en que se justifique por importe inferior ao 50% do orzamento inicial ou, no seu caso, o reformulado. No suposto de justificar por un importe inferior ao 100% do orzamento inicial, e sempre que se justifique polo menos o 50% do mesmo, abonarase a parte proporcional da subvención concedida.

Base 18.^a.-Infraccións e sancións.

Constituirán infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei Xeral de Subvencións e a súa normativa de desenvolvemento.

Poderanse impor as sancións tipificadas nos artigos 59 ao 63 da Lei Xeral de Subvencións, axustándose ao procedemento sancionador previsto na devandita Lei, sendo o órgano sancionador competente o mesmo que ten atribuída a competencia para a súa resolución.

Concelleira de Participación e Innovación Democrática

Fdo.: Claudia Delso Carreira

ANEXO S1

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

Convocatoria: subvencións para asociacións veciñais

Ano: 2015

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE:

Nome da entidade					
N.º inscrición Rexistro Nacional/Autonómico				N.º inscrición Rexistro Municipal (REMAC)	
CIF					
Enderezo					CP
Teléf.		Móbil		E-mail	

DATOS DO/A PRESIDENTE/A:

Nome e apelidos					
NIF		Teléf.		E-mail	

REPRESENTANTE (no seu caso):

Nome e Apelidos					
NIF		Teléf.		E-mail	

EXPOÑE:

Que á vista da Convocatoria de Subvencións a Asociacións Veciñais sen ánimo de lucro en materia de participación cidadá, do Excelentísimo Concello da Coruña, 2015

SOLICITA:

Lle sexa concedida unha subvención de euros para a posta en marcha e desenvolvemento dunha actividade consistente en

.....

Achéganse os seguintes documentos esixidos: (marcar cun X os que procedan)

DOCUMENTACIÓN RELATIVA Á ENTIDADE E O SEU REPRESENTANTE:

- ☐ Fotocopia compulsada dos Estatutos polos que se rexe a asociación.
- ☐ Fotocopia compulsada do código de identificación fiscal (CIF).
- ☐ Certificación acreditativa dos cargos representativos e do domicilio social, segundo modelo anexo S2.
- ☐ Certificación do Secretario, co visto e praxe do Presidente, acreditativa do nomeamento da persoa representante da entidade, segundo modelo anexo S3.
- ☐ Fotocopia compulsada do DNI da persoa representante.
- ☐ Certificación dos datos bancarios da entidade solicitante, segundo modelo anexo S4.
- ☐ Certificados expedidos polos respectivos organismos acreditativos de acharse a entidade ao corrente no pago das obrigas tributarias co Estado e co Concello da Coruña, e ao corrente nas súas obrigas fronte á Seguridade Social. (Os dous primeiros poden substituírse por unha autorización ao Concello para obter directamente os certificados, segundo re recolle mais abaixo). Ou ben, declaración responsable de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social, segundo modelo anexo S5.

- ☐ Certificación do Secretario, co visto e prace do Presidente, acreditativa do número de socios da entidade no ano en curso, segundo modelo anexo S6.
- ☐ Declaración de non atoparse incursos en ningún dos supostos de prohibición establecidos no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, segundo modelo anexo S7.
- ☐ Compromiso da entidade de presentar a xustificación da subvención concedida no prazo dun mes desde a data de finalización das actividades, segundo modelo anexo S8.
- ☐ Declaración, no seu caso, de que os documentos anteriores relativos á entidade xa constan no Concello e non sufriron modificación, segundo modelo anexo 9.

DOCUMENTACIÓN PROPIA DAS ACTIVIDADES:

- ☐ Memoria da actividade segundo modelo anexo S10.
- ☐ Orzamento detallado de ingresos e gastos da actividade con expresión do financiamento prevista según modelo anexo S11.
- ☐ Certificado do Secretario da entidade co V.ºB.º do seu Presidente, no que se indiquen as subvencións solicitadas e as que lle foron concedidas para a mesma actividade procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional segundo modelo anexo S12.

DECLARO:

Que son certos todos os datos que constan na presente solicitude así como na documentación que se acompaña e que a entidade solicitante: (marcar cun X o que proceda)

- ☐ Está válidamente constituída como entidade de carácter veciñal.
- ☐ Ten obxectivos e finalidades coincidentes co obxecto da subvención, de acordo cos seus estatutos.
- ☐ Carece de fins de lucro no desenvolvemento da súa actividade.
- ☐ Ten sede social no termo municipal da Coruña.
- ☐ Non ten pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello da Coruña.
- ☐ Está ao corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social.

Autorizo ao Excmo. Concello da Coruña a comprobar polos medios que estime oportunos os datos de carácter fiscal que obren nos ficheiros de datos dese Concello, e así mesmo a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria información de natureza tributaria para o recoñecemento, seguimento e control desta solicitude.

A Coruña, de de 2015.

Asdo.: O/a Presidente/a

Asdo.: O/a Secretario/a

Asdo.: O/a representante

ANEXO S2_entidade

CERTIFICACIÓN ACREDITATIVA

Subvencións para Asociacións Veciñais, 2015

D./D.^a, co NIF
, en calidade de Secretario/a da entidade

co C.I.F., n.º de inscrición no REMAC e enderezo social
 en

CERTIFICA:

Que pola entidade
 na assemblea celebrada en data,

foron nomeados como membros da xunta directiva da entidade as seguintes persoas:

NOME	APELIDOS	CARGO	DNI
.....			
.....			
.....			
.....			
.....			
.....			
.....			

E para que conste e surta os efectos conseguintes, expide a presente certificación en

A Coruña, a de de 2015.

O/A SECRETARIO/A

V.º B.º O/A PRESIDENTE/A

Asdo. D./D.^a

Asdo. D./D.^a

ANEXO S3_ entidade

CERTIFICACIÓN ACREDITATIVA

Subvencións para Asociacións Veciñais, 2015

D./D.^a, co NIF
....., en calidade de Secretario/a da entidade
.....
co C.I.F., n.º de inscrición no REMAC e enderezo social
en
.....

CERTIFICA:

Que a entidade citada, en sesión da súa xunta directiva de data, ha nomeado como representante para as relacións co Concello á seguinte persoa:

Apelidos:.....
Nome:
D.N.I.:
Cargo:

Achégase copia compulsada do seu D.N.I.

Na Coruña, a de de 2015.

O/A SECRETARIO/A

V.º B.º O/A PRESIDENTE/A

Asdo. D./D.^a

Asdo. D./D.^a

ANEXO S4_ entidade

CERTIFICACIÓN DATOS BANCARIOS

Subvencións para Asociacións Veciñais, 2015

Titular da conta												DNI/ CIF							
Enderezo																			
Poboación (indicar CP)												Teléfono							
Datos da conta																			
E	S																		
Banco/entidade																			
Enderezo												CP		Localidade					

CERTIFICO:

Que os datos arriba reflectidos son correctos e corresponden ao título e número de conta do beneficiario.

Na Coruña, a de de 2015.

Sinatura do/a solicitante

Sinatura y selo da entidade financeira

ANEXO S5_ entidade

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Subvencións para Asociacións Veciñais, 2015

DECLARACIÓN RESPONSABLE POLA QUE A ENTIDADE SOLICITANTE DECLARA ESTAR AO CORRENTE NAS SÚAS OBRIGAS FISCAIS E DE SEGURIDADE SOCIAL, DE ACORDO CO ESTABLECIDO NOS APARTADOS 2 DO ARTIGO 13 DA LEI 38/2003, DE 17 DE NOVIEMBRE, XERAL DE SUBVENCIÓNS, ASÍ COMO NO ARTIGO 24 DO REAL DECRETO 887/2006, DE 21 DE XULLO POLO QUE SE APROBA O REGULAMENTO DA CITADA LEI.

D./D.^a, co NIF
....., en calidade de representante da entidade

co C.I.F, n.º de inscrición no REMAC e enderezo social
en
.....

DECLARO:

Que a asociación que represento atópase ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes.

A Coruña, a de de 2015.

O/A REPRESENTANTE

Asdo. D./D.^a

ANEXO S6_ entidade

CERTIFICACIÓN DO NÚMERO DE SOCIOS

Subvencións para Asociacións Veciñais, 2015

O/A Secretario/a da Asociación, con
endereço en, CIF n.º
....., e n.º de inscrición no Rexistro Xeral

CERTIFICA

que a data de hoxe, o número total de socios da entidade é de (.....).

E para quen poda interesar, asina este documento, co V.ºB.º do Presidente en

A Coruña, a de de 2015.

O/A SECRETARIO/A

V.ºB.º O/A PRESIDENTE/A

Asdo. D./D.ª

Asdo. D./D.ª

ANEXO S7_ entidade

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Subvencións para Asociacións Veciñais, 2015

D./D.^a, co NIF
....., en calidade de representante da entidade
.....
co C.I.F., n.º de inscrición no REMAC e enderezo social
en
.....

FORMULO AS SEGUINTES DECLARACIÓNS en relación coa Convocatoria de Subvencións a Asociacións Veciñais sen ánimo de lucro en materia de participación cidadá do Excelentísimo Concello da A Coruña 2015.

DECLARACIÓN RESPONSABLE en relación con non estar incurso nas prohibicións establecidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003 para obter a condición de beneficiario de subvencións:

1. Non ser condenado mediante sentenza firme a pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
2. Non dar lugar, por causa da que fose declarado culpable, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.
3. Non estar incurso a persoa física, membros da Xunta Directiva ou quen ostenten a representación legal da asociación nalgún dos supostos da Lei 12/1995, de 11 de maio, de Incompatibilidades dos Membros do Goberno da Nación e dos altos cargos da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño de Réxime Electoral Xeneral, nos termos establecidos na mesma ou na normativa autonómica que regule estas materias.
4. Non ter pendente o pago de obrigacións por reintegro de subvencións.
5. Non ser sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Lei Xeral de Subvencións ou na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria.

Na Coruña, a de de 2015.

O/A REPRESENTANTE

Asdo. D./D.^a

ANEXO S8_ entidade

COMPROMISO XUSTIFICACIÓN

Subvencións para Asociacións Veciñais, 2015

D./D.^a, co NIF
....., en calidade de Secretario/a da entidade
.....
co C.I.F., n.º de inscrición no REMAC e enderezo social
en
.....

COMPROMÉTESE EN NOME DA ENTIDADE:

A presentar a xustificación da subvención concedida no prazo dun mes desde a data de finalización da actividade, ou desde o día seguinte á recepción da notificación da resolución definitiva da concesión (en caso de actividades realizadas con anterioridade). En caso contrario, procederá ao reintegro da cantidade concedida no prazo outorgado a requirimento do Concello.

Así mesmo comprométese a reintegrar aquelas cantidades correspondentes á actividade non realizada respecto ao orzamento inicial presentado ao que está vinculada a contía de subvención concedida.

Na Coruña, a de de 2015.

O/A SECRETARIO/A

V.ºB.º O/A PRESIDENTE/A

Asdo. D./D.^a

Asdo. D./D.^a

ANEXO S9_ entidade

DOCUMENTACIÓN

Subvencións para Asociacións Veciñais, 2015

D./D.^a, co NIF
....., en calidade de Secretario/a da entidade
.....
co C.I.F., n.º de inscrición no REMAC e enderezo social
en
.....

DECLARA:

Que os seguintes documentos relativos á entidade arriba indicada:

(Sinalar o que proceda)

- ☐ Estatutos polos que se rixe a entidade (orixinal ou fotocopia compulsada).
- ☐ Fotocopia compulsada do código de identificación fiscal (CIF).
- ☐ Certificación acreditativa dos cargos representativos e do enderezo social.
- ☐ Certificación acreditativa do nomeamento da persoa representante da entidade.
- ☐ Fotocopia do D.N.I. do representante legal da entidade.
- ☐ Certificación dos datos bancarios da entidade solicitante.

Xa constan no Concello da Coruña presentados en data
en (órgano ou dependencia na foron presentados ou emitidos)
.....
.....

E non sufriron modificación.

Na Coruña, a de de 2015.

O/A SECRETARIO/A

V.ºB.º O/A PRESIDENTE/A

Asdo. D./D.^a

Asdo. D./D.^a

ANEXO S10_actividade

Subvencións para Asociacións Veciñais, 2015

MEMORIA EXPLICATIVA

D./D.^a, con NIF
....., en calidade de Representante da entidade
.....

Presenta memoria relativa á actividade:

.....

Consistente en:

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Datas de realización (especificar mes e ano):

.....

Lugar:

.....

Recursos e medios necesarios

.....

.....

.....

Beneficiarios (indicar colectivo ao que va dirixida a actividade ou proxecto, n.º de beneficiarios directos ou indirectos, etc):

.....

.....

Os obxectivos fundamentais a conseguir pola actividade son.....

.....

.....

.....

Achégase informe ou memoria ampliada do proxecto ou actividade: SI NON

Na Coruña, a de de 2015.

O/A REPRESENTANTE

Asdo. D./D.^a

ANEXO S11_ actividade

Subvencións para Asociacións Veciñais, 2015

Entidade	
Actividade	

ORZAMENTO

Ingresos	Importe	Gastos	Importe
Cotas propias da actividade: Matrícula: Mensualidades:			
Subvencións destinadas á actividade (obtidas ou en trámite, agás a solicitada ao Concello)			
Outros:			
(A) TOTAL INGRESOS		(B) TOTAL GASTOS	

DÉFICIT DA ACTIVIDADE (B) – (A) : €

Dilixencia.–Faise constar que este balance é fiel reflexo dos datos que figuran na contabilidade da entidade.

Na Coruña, a de de 2015.

O/A SECRETARIO/A

O/A PRESIDENTE/A

Asdo. D./D.^a

Asdo. D./D.^a

ANEXO S12_ actividade

CERTIFICACIÓN OUTRAS SUBVENCÍONS

Subvencións para Asociacións Veciñais, 2015

D./D.^a, co NIF,
, en calidade de Secretario/a da entidade

 co C.I.F., n.º de inscrición no REMAC e enderezo social
 en

CERTIFICA:

Que a entidade para a actividade
 a desenvolver nas
 datas solicitou as seguintes subvencións (procedentes de
 calquera Administración ou ente público ou privado, nacional o internacional):

Entidade á que se solicitou	Finalidade para á que se solicitou	Importe
.....		

De ellas han sido concedidas:

Entidade concedente	Finalidade para á que se concedeu	Importe
.....		

Así mesmo comprométese a comunicar aquelas concedidas con data posterior á presentación desta solicitude.

E para que conste e forneza os efectos consecuentes, expide a presente certificación,

Na Coruña, a de de 2015.

O/A SECRETARIO/A

V.ºB.º O/A PRESIDENTE/A

Asdo. D./D.^a

Asdo. D./D.^a

ANEXO J1_xustificación

Subvencións para Asociacións Veciñais, 2015

SOLICITUDE DE XUSTIFICACIÓN

DATOS DA ENTIDADE:

Nome da entidade					
CIF					
Enderezo social				CP	
Teléf.		Móbil		E-mail	

DATOS DE LA PERSONA REPRESENTANTE:

Nome e apelidos					
NIF		Teléf.		E-mail	

DECLARO

Que a entidade realizou a actividade seguinte:

.....

desenvolvida nas datas

cun gasto por importe de €.

E a efectos de xustificación da subvención concedida en data de 2015.

Na Coruña, a de de 2015.

O/A REPRESENTANTE

Asdo. D./D.^a

ANEXO J2_ xustificación

Subvencións para Asociacións Veciñais, 2015

Entidade	
Actividade	

MEMORIA DA ACTIVIDADE REALIZADA

Actividade realizada:

.....

Datas nas que se realizou:

Horario e lugar de realización:

.....

Fundamentación:.....

.....

Descrición do proxecto:

.....

.....

.....

Número de persoas beneficiarias da actividade, e perfil das mesmas (por idade, colectivo, nivel socioeconómico, etc), indicando se son participantes ou destinatarios: (1)

.....

.....

Recursos utilizados (persoais e materiais):

.....

.....

Obxectivos acadados:

.....

Avaliación do proxecto:

.....

Na Coruña, a de de 2015.

O/A REPRESENTANTE

Asdo. D./D.^a

(1) Persoas participantes: número de persoas que tomaron parte na actividade (cursos, talleres, xornadas, concursos e certames, actividades educativas e culturais, etc.)

Persoas destinatarias: número de persoas ás cales van dirixidos eventos festivos e accións de divulgación: celebracións festivas populares dos barrios, charlas, conferencias, accións de difusión, etc. (a miúdo este dato é unha estimación determinada polo aforamento das instalacións utilizadas. En caso de repartición de dípticos, folletos realización dun mailing, poden contarse o n.º dos exemplares repartidos, para estimar as persoas destinatarias).

ANEXO J3_ xustificación

Subvencións para Asociacións Veciñais, 2015

Entidade	
Actividade	

BALANCE DA ACTIVIDADE REALIZADA

Ingresos	Importe	Gastos	Importe
Cotas propias da actividade:			
Subvencións destinadas á actividade (obtidas ou en trámite, agás a solicitada ao Concello)			
Outros:			
		Gastos indirectos:	
(A) TOTAL INGRESOS		(B) TOTAL GASTOS	

RESULTADO DA ACTIVIDADE (B) – (A) : €

Dilixencia.—Faise constar que este balance é fiel reflexo dos datos que figuran na contabilidade da entidade.

Na Coruña, a de de 2015.

O/A SECRETARIO/A

V.ºB.º O/A PRESIDENTE/A

Asdo. D./D.^a

Asdo. D./D.^a

ANEXO J4_ xustificación

Subvencións para Asociacións Veciñais, 2015

Entidade	
Actividade	

RELACIÓN DETALLADA DE XUSTIFICANTES DE GASTO

ACREDOR	N.º Fact.	Data emisión	Base imponible (A)	IVE (B)	TOTAL (A+B)	% Imp. Activ.	Data de pago	N.º cheque/transferencia	Entidade Bancaria	Concepto
TOTAIS			0	0	0					

Na Coruña, a de de 2015.

O/A SECRETARIO/A

V.ºB.º O/A PRESIDENTE/A

Asdo. D./D.^a

Asdo. D./D.^a

ANEXO J5_ xustificación

Subvencións para Asociacións Veciñais, 2015

Entidade	
Actividade	

BALANCE DE DESVIACIÓNS RESPECTO AO ORZAMENTO INICIAL

Ingresos	Importes			Gastos	Importes		
	Orzam.	Balance	Desviación		Orzam.	Balance	Desviación
Cotas propias da actividade:				Gastos de profesionais:			
Subvencións destinadas á actividade				Materiais:			
Outros:				Outros gastos correntes (imputables directamente á actividade):			
				Gastos indireitos:			
(A) TOTAL INGRESOS				(B) TOTAL GASTOS			

Na Coruña, a de de 2015.

O/A SECRETARIO/A

V.ºB.º O/A PRESIDENTE/A

Asdo. D./D.^a

Asdo. D./D.^a

ANEXO J5b_ xustificación

Subvencións para Asociacións Veciñais, 2015

Entidade	
Actividade	

XUSTIFICACIÓN DAS DESVIACIÓNS DO BALANCE CON RESPECTO AO ORZAMENTO INICIAL

IMPORTE DA DESVIACIÓN:

MOTIVOS QUE A FUNDAMENTAN:

[illegible]

Na Coruña, a de de 2015.

O/A SECRETARIO/A

V.ºB.º O/A PRESIDENTE/A

Asdo. D./D.^aAsdo. D./D.^a

ANEXO J6_ xustificación

CERTIFICACIÓN OUTRAS SUBVENCIONES

Subvencions para Asociacións Veciñais, 2015

D./D.^a, co NIF,
, en calidade de Secretario/a da entidade

 co C.I.F., n.º de inscrición no REMAC e enderezo social
 en

CERTIFICA:

Que a entidade para a actividade
 a desenvolver nas
 datas solicitou as seguintes subvencións (procedentes de
 calquera Administración ou ente público ou privado, nacional o internacional):

Entidade á que se solicitou	Finalidade para a que se solicitou	Importe
.....		

De ellas han sido concedidas:

Entidade concedente	Finalidade para a que se concedeu	Importe
.....		

Asimismo para la citada actividad se ha contado con los siguientes ingresos:

Concepto de ingresos	Finalidade (se procede)	Importe
.....		

E para que conste e surta os efectos conseguintes, expide a presente certificación,

Na Coruña, a de de 2015.

O/A SECRETARIO/A

V.ºB.º O/A PRESIDENTE/A

Asdo. D./D.^a

Asdo. D./D.^a

Xustificación**Subvencións para Asociacións Veciñais, 2015**

Entidade	
Actividade	

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

En relación coa xustificación da subvención concedida no exercicio 2015, apórtase a seguinte documentación complementaria:

- ☐ Memoria detallada da actividade realizada
- ☐ Reportaxe fotográfico sobre a actividade
- ☐ Material de difusión empregado (carteis, volandeiras, etc.)
- ☐ Dossier de prensa
- ☐ Divulgación da actividade en páxinas web, redes sociais, blogs, etc.
- ☐ Datos estatísticos sobre persoas beneficiarias e/ou participantes

Outros:

- ☐
- ☐
- ☐

Na Coruña, a de de 2015.

O/A REPRESENTANTE

Asdo. D./D.^a

2015/8160